

A crise mundial do café e o papel da cooperación internacional

Entrevista a Néstor Osorio Londoño

Non deixa de ser curioso que un dos produtos básicos con maior volume de transaccións no comercio internacional –no que aparece por veces en segundo lugar, detrás do petróleo, e por veces en terceiro– non teña valor estratéxico nin sirva de materia prima para ningunha industria pesada. É o café, unha bebida estimulante e pracenteira que responde a un hábito adquirido por diversas sociedades e moi vencellado a ideais de sociabilidade e requinte. A historia do consumo do café acompaña á historia do cultivo das boas maneiras e da convivencia civilizada.

Acontece por outra banda que o cafeto –a árbore que dá o gran que, torrado e moído, serve para facer a bebida– só pode medrar nas condicións físicas dos países tropicais non áridos que, en xeral e con certos matices, son as que ocupan na xeografía política os países en desenvolvemento, algúns deles xa avanzados pero outros que aínda se contan entre os países menos adiantados (PMA). Os países consumidores en termos do comercio mundial son, en troques, países industrializados.

O cultivo e a exportación de café son de importancia decisiva para os países en vías de desenvolvemento como fonte indispensábel de ingresos en divisas, diñeiro efectivo e emprego, en moitos deles. Calcúlase que dependen do café para a súa subsistencia arredor de 25 millóns de familias, espalladas polos tres continentes nos que se produce café.

Esa situación ofrece condicións ideais para unha cooperación internacional entre países produtores e consumidores, que se propoña segurar para aqueles unha remuneración axeitada e, ao mesmo tempo, que lles proporcione aos consumidores café de boa calidade a un prezo asequíbel. A dimensión mundial do problema é evidente. E non hai que esquecer que os ingresos en divisas dos países produtores son necesarios para o financiamento do comercio mundial.

O desequilibrio entre a produción e o consumo afecta desde hai moito tempo ao mundo do café, e tratar de correxilo foi o primeiro obxectivo da cooperación internacional nesta esfera. Nunha época de enorme exceso de produción, e despois dunha serie de acordos a curto prazo entre produtores, asinou-se en 1962 o primeiro Convenio Internacional do Café, baixo a égida das Nacións Unidas. Para administralo creouse a Organización Internacional do Café (OIC), con sede en Londres. Fóronse sucedendo os Convenios, sen solución de continuidade, até o de 2001, vixente na actualidade. O número de países Membros da OIC chega actualmente a 74, dos que 45 son países produtores e 29 países consumidores.

Para o observador interesado en ver e entender como se fai e desfai o nobelo de intereses comerciais e políticos nun ámbito de cooperación internacional case sem-

pre difícil, mais no que subxace o interese por manter esa cooperación, a Organización Internacional do Café é un laboratorio ideal que conta xa con máis de catro décadas de experiencia.

Tempo Exterior tivo oportunidade de conversar sobre todo isto co actual director executivo da OIC, Néstor Osorio Londoño, que amabelmente accedeu a responder ás preguntas que, para Tempo Exterior, lle fixo **Fernando Pérez-Barreiro Nolla**. Néstor Osorio, que asumiu a dirección da OIC en marzo de 2002, tiña representado anos atrás ao seu país, Colombia, na OIC e tamén nas Organizacións Internacionais do Cacao e do Azucre. Con ampla experiencia de participación nas reunións da UNCTAD, Néstor Osorio foi, dende 1994 ata 1999, o primeiro embaixador e representante permanente de Colombia na Organización Mundial do Comercio (OMC) e presidiu nela o Comité de Agricultura, o Órgano de Exame das Políticas Comerciais e a Oficina Internacional dos Téxtiles e do Vestido.

O Convenio de 1962 e o sistema de cotas

□ Señor Osorio, aquel primeiro Convenio de 1962 e os que lle seguiron até 1989, baseábanse nun mecanismo de cotas de exportación. Recoñécese en xeral que ese sistema estabilizou o mercado durante os anos en que estivo vixente e que serviu de modelo para a cooperación en materia de produtos básicos. A OIC que vostede dirixe agora actúa con parámetros moi diferentes. Por que acabou aquel sistema?

□ Os acordos de produtos básicos apareceron no mercado e no comercio internacional a comezos da década de 1960, fundamentalmente como instrumento de natureza política para a cooperación entre países desenvolvidos e países en vías de desenvolvemento. Viñamos duns tempos de posguerra e estabamos xa no medio dunha guerra fría na que existía unha bipolarización do mundo político, o problema dos países en desenvolvemento, con recursos moi escasos e con moi poucas posibilidades de apanar capitais e de desenvolver o seu comercio, presentábase como un dos elementos chave da vida política internacional.

O presidente Kennedy dos Estados Unidos establece entón un esquema, a chamada Alianza para o Progreso, que aspira a crear unhas condicións que melloren o comercio dos países en desenvolvemento. Nesa situación nace o primeiro convenio internacional de produtos básicos, o do café, que comeza a negociarse baixo a égida das Nacións Unidas a finais de 1959 e cuxa negociación remata en 1962. Nese Convenio constitúese e institúese a Organización Internacional do Café, que tiña entón por obxecto servir de instrumento regulador do mercado, de maneira que os excedentes que naturalmente existían no mercado –sen que até entón houbera fórmula de solución– puidesen ser racionalizados e controlados, e que nesa medida se alcanzase unha mellora dos prezos. Que tipo de mellora dos prezos? A pactada entre produtores e consumidores como nivel satisfactorio para que os países produtores recibisen unha

remuneración axeitada polo seu traballo e polo seu produto, e para que con esa remuneración recibisen, a maiores, as posibilidades de inxectar diñeiro nas súas economías para un desenvolvemento mellor, de xeito que se lles garantise aos consumidores un fornecemento a prezos equitativos. Era, pois, como lle digo, un esquema eminentemente político, pero que tiña unha execución de carácter comercial.

Como funcionaba o esquema? Con base nun sistema de cotas: establecíase unha cota global que se distribuía entre os países produtores e negociábase entre os países produtores e os consumidores unha faixa de prezos, dentro da que había de oscilar o volume das cotas. É dicir, que esa faixa de prezos que se consideraba como os nivel ideal dos prezos servía de base para axustar as cotas.

Co tempo –porque ese sistema funcionou durante tres décadas, até finais da de 1980– e segundo as condicións de inflación e as condicións do movemento económico, esas faixas íanse axustando e actualizando. Cando chegou o colapso, a finais de 1989, o prezo medio da libra de café no mercado de Nova York estaba entre 1,20 e 1,40 dólares. Considerábase que eso era un nivel axeitado para acadar ese duplo propósito de remuneración e de garantía de fornecemento en condicións equitativas.

O gran problema que tivo ese esquema foi que nunca acadamos a universalidade de participación no sector consumidor, e sempre ficou fóra un pequeno segmento que, neste caso e nas condicións políticas de que falei no inicio, era o bloque comunista, que non estaba no Convenio. Fronte á dificultade –e ao fracaso, diría eu, na tarefa de establecer unha política de produción ou de que os países produtores puxeran en práctica unha política de produción– fóronse xerando excedentes que, a determinada altura, eses países non foron quen de reter e conter dentro das súas fronteiras. Comezaron entón a vertelos e a facer *dumping* con eles nos países comunistas a prezos que eran a metade dos prezos do mercado. Ese foi o xerme da destrución do Convenio. Tentáronse readaptar as cotas, pero non foi posíbel, e isto coincidiu co xurdimento das teses de liberalización da economía, a finais dos 80 e comezos dos 90. Son os tempos da *reaganomics* e do *thatcherismo* en pleno furor, e pénsase que os convenios de produtos básicos son un mecanismo económico pasado de moda, e que non é a maneira de atender a eses problemas. Resulta entón que racha o que antes era un entendemento entre o mundo desenvolvido e o mundo en desenvolvemento para darlles a algúns produtos básicos como o café, como o cacao, como o caucho, unha determinada orientación, unha certa guía e algunha dirección. Agora o novo entendemento é o mercado libre, un mercado libre sen concesións que contén un gran paradoxo respecto ás condicións que, de aí en adiante, deben cumprir os países en desenvolvemento. E con isto quero dicir o seguinte: que no momento en que se achaban os convenios de produtos básicos, como o do café, fortalecíanse e afincábanse os mecanismos de protección e os mecanismos de apoio e subvención aos produtos agrícolas nos países desenvolvidos. Dese xeito, non só se desprotexía aos países en desenvolvemento ao quitarlles o pequeno ou único elemento de protección que tiñan, senón que se lles creaba unha especie de cadeado ou barreira que cortaba toda posibilidade de encamiñarse cara a outros produtos agrícolas, pola protección e subvencións que se daba a aqueles produtos agrícolas do mundo desenvolvido.

A globalización e os países subdesenvolvidos

❑ Foron pois negativos, ao seu ver, os efectos da globalización no mundo do café?

❑ Un dos problemas aos que se enfrontan os países en desenvolvemento nesta nova época da política económica internacional é a incapacidade para poder aproveitar as oportunidades comerciais que xorden con motivo do desenvolvemento desa nova orde, representada e asentada hoxe na Organización Mundial do Comercio. E, precisamente, o que aconteceu nas economías –fóra dunhas poucas, en América Latina ou Asia, que conseguiron reinvestir na diversificación e avance das súas economías parte dos recursos obtidos– foi que a constante seguiu sendo unha altísima dependencia de algúns poucos, moi poucos, produtos básicos. Se ollamos a faixa tropical de África, Latinoamérica e Asia, decatámonos de que de catro a seis produtos básicos –ou dez, como máximo, se ampliamos un pouco o panorama da análise– son a base da economía de máis de setenta ou oitenta países en desenvolvemento. Neses países, as posibilidades de acceso aos mercados dos países desenvolvidos quedan completamente obliteradas por unhas subvencións e uns aranceis alfandegueiros moi altos, que os condenan a seguir na dependencia e a que o seu desenvolvemento sexa un “desenvolvemento contido”.

É dicir, que non hai posibilidades de avance porque non hai posibilidades de diversificación, e non hai posibilidades de diversificación porque existen unhas barreiras arancelarias e unhas proteccións que impiden esas evolucións. Penso, pois, que para que o mundo en desenvolvemento poida hoxe en día adaptarse ás correntes modernas da liberalización é urxente e fundamental, como corresponde en cumprimento da axenda internacional proposta polos grandes dirixentes políticos, que a rolda de negociacións para a liberalización do comercio, instaurada en Doha, poida ter unha conclusión rápida e eficiente. Sobre todo no que constitúe a espiña dorsal desa negociación, que é o sector agrícola. En que consiste esa rápida e eficiente conclusión? No achanamento paulatino, e oxalá acelerado, das diferentes subvencións e proteccións que afectan ao sector agrícola, e na redución dos obstáculos arancelarios para os produtos agrícolas orixinarios dos países en desenvolvemento. Até que se acade ese obxectivo, as fileiras dos produtos básicos máis importantes, como o café, o cacao, o azucre e o algodón, seguirán conxestionadas e os investimentos seguirán facéndose nas mesmas áreas. O día que os mercados se abran, iranse repartindo os cartos noutros cultivos, e a cesta poderá ampliarse.

A supervivencia da cooperación internacional

❑ Poderíase pensar que o afundimento do sistema das cotas suporía o final dos convenios, da OIC e, en definitiva, da cooperación internacional en materia de produtos básicos. Non foi así. Por que?

□ Hai que recoñecer que a cooperación internacional subsistiu, si, mais en forma moi precaria. Os convenios internacionais de produtos básicos e as organizacións que os representan foron considerabelmente recortados, o seu rol foi moi diminuído, e só se conseguiron manter estas organizacións mediante unha especie de compromiso de aparencias. A Organización Internacional do Café foi algo diferente, porque logrou adaptarse, con certas dificultades, e procurar unha nova axenda. Esa nova axenda viuse contrariada, a unha certa altura, por un intento –que eu diría que foi por instinto de protección dos países produtores– de armar un cartel á parte, de armar unha asociación de produtores para tentar influír no mercado por vía duns mecanismos de retención de café. Iso foi un fracaso: non funcionou. E non funcionou porque ficou demostrado de novo, como xa ocorrira no pasado, que todos eses ensaios de control do mercado dun produto como o café necesitan a cooperación dos países consumidores. Cítase moitas veces o exemplo da OPEP e pregúntase por que non se fai algo semellante co café e co cacao. Pero a natureza do produto e a natureza do control do produto son totalmente diferentes nun e noutro caso. No petróleo, pódese pechar a billa e cortar a produción da noite á mañá. O cafeto dá froito aos 3 ou 4 anos de plantado, e por ser cultivo de pequenas familias en pequenas superficies, é sustento inmediato da vida das persoas. O petróleo pertence aos estados e o seu manexo está ancorado nuns cantos países moi poderosos, pero iso non acontece co café, no que a produción está espallada en máis de 50 países. Ese intento e ese esforzo de facer rancho á parte entre os países produtores de café non funcionou, e houbo que volver á procura dunha nova vía, un novo camiño dos organismos de cooperación entre países produtores e consumidores. Ese é o desafío ao que nos enfrontamos hoxe os que estamos dedicados ao cumprimento dunha misión de entendemento e cooperación entre países desenvolvidos e en desenvolvemento, co obxectivo de favorecer mellores condicións de vida nos países en desenvolvemento. Só na medida en que isto chegue a acadarse será posíbel que os países en desenvolvemento sexan parceiros válidos no comercio internacional. Canto menos diñeiro reciban os países en desenvolvemento, menos produtos se poderán mercar nos países desenvolvidos. A ecuación é de interese para todos.

Desde que cheguei á Organización Internacional do Café, hai dous anos, en 2002, presentei unha axenda de actuación na que non se trataba xa de intervir no mercado, senón de influír nas variabeis que o determinan: aumentar o consumo, mellorar a calidade e buscar unhas fontes de diversificación, tanto horizontal como vertical, para dar maior valor ao produto e para facer posíbel que os países produtores volvan formar parte da área das utilidades, diso que en inglés chaman a *profit zone*.

O que aconteceu co estrago dos prezos foi que aos países produtores fóiselles baixando continuamente o pagamento polo seu produto, mentres que o valor dese produto no mercado internacional seguía aumentando. Ao engadirlle valor ao café no torrado, no empaquetado, na distribución, na venda ao retalho e, finalmente, nos cafés das rúas e das prazas de Europa e dos Estados Unidos, a persoa da rúa, o consumidor, seguiu pagando cada vez máis, sen saber e sen decatarse de que o pagamento que se

recibía na orixe era cada vez menor. De aí a denuncia, que xa está xurdindo, de como pode ser que, cando se pensa que unha industria está agromando –como efectivamente o está, e iso é moi positivo– a súa orixe nos países produtores se estea empobrecendo, e se estea estragando así o tecido social e o tecido político deses países.

❑ Cales os principais terreos da cooperación internacional que impulsa a OIC?

❑ A Organización ten uns obxectivos deliñados con moita claridade, e neles vense elementos fundamentais que dan contido á cooperación entre países importadores e exportadores. Ao meu ver, un dos trazos esenciais da concepción moderna dos convenios de produtos básicos é que, sen deixar de ser, como son, tratados entre gobernos, participe neles o sector privado. A OIC foi innovadora ao crear institucións como a Xunta Consultiva do Sector Privado, na que están representados tanto o sector importador como o exportador. Aí pódense determinar proxectos, por exemplo, en materia de promoción do consumo, para incrementar o consumo nos propios países produtores, e, cando se notan baixas de consumo nos mercados tradicionais, pescudar por que ocorren esas baixas. Existen, ademais, uns mercados emerxentes en Europa Central, en China e en Rusia que representan un desafío extraordinario en termos de posibilidades e potencial. Se os países produtores, sexa polas súas autoridades ou polas súas empresas, xuntan esforzos co sector privado dos países importadores e cos organismos de desenvolvemento dos países industrializados, pódense armar proxectos nun sector tan importante como é o do aumento do consumo.

Importa moito acadar ese aumento. Fálase moito de que hai sobreoferta. Porque hai sobreoferta hai desequilibrio, dise. Mais cómpre dicir tamén que o que acontece é que hai subconsumo. Se conseguimos ir racionalizando a oferta e ir aumentando o consumo chegaremos ao equilibrio, e ao chegarmos ao equilibrio teremos o nivel de prezos adecuado.

Hai tamén proxectos orientados á infraestrutura, proxectos de tecnoloxía. Un dos dramas deste panorama en que nos movemos desde hai quince anos é que todo o diñeiro para avance tecnolóxico, innovación e información, foi investido no mundo desenvolvido e non no mundo en desenvolvemento. Temos niso outra función fundamental que pode desempeñarse cun esquema de cooperación: como mellorar a calidade na orixe, como mellorar as condicións da produción, como facilitar a loita contra as pragas e as doenzas nas fincas de café. En moitos casos identificáronse os problemas, pero non puideron resolverse por falla de recursos. No mundo desenvolvido, en troques, veuse destinando diñeiro a construír instalacións especiais que, mediante tratamentos específicos, eliminan as condicións indesexábeis dos cafés de mala calidade e fanos mellores. Todo isto facilita a industria, é certo, pero amosa tamén outra faceta do desequilibrio: a falla de investimento no sector produtor. Infraestrutura, calidade, consumo, pragas e doenzas son áreas concretas onde se poden aplicar proxectos. A OIC, coa axuda de recursos do Fondo Común para os Produtos Básicos (FCPB) das Nacións Unidas, conseguiu canalizar xa máis de 40 millóns de dólares para proxectos en África, Latinoamérica e Asia, e ten xa propostas para acadar 30 millóns máis des-

tinados a ese xénero de actividades. Existe, pois, un grande potencial e o que fai falla é a vontade política de actuar en conxunto e contraer os compromisos para a achega de recursos.

O café, a pobreza e os Obxectivos do Milenio

□ As Nacións Unidas acordaron no ano 2000 unha serie de obxectivos de desenvolvemento, os chamados Obxectivos do Milenio, entre os que se destacaba a dedicación da comunidade internacional á redución da pobreza a escala mundial. Este obxectivo converteuse en punto primordial da política de desenvolvemento das institucións multilaterais e das agrupacións de países doadores netos, como a Unión Europea. Como se inscribe a OIC nese panorama?

□ Desde que se suspendeu o sistema de manexo e administración do mercado, a economía mundial do café evolucionou dun xeito desigual, desordenado e até contraditorio. Nestes últimos 15 anos, os breves períodos nos que houbo un nivel de prezos aceptábel foi debido a accidentes climáticos –como unha xeadada ou unha seca en Brasil– e así ocorreu entre 1995 e 1999. De 1989 a 1994 os prezos foron desastrosos para os países produtores de café. En 1994 e 1995 produciuse unha xeadada en Brasil, e iso provocou que se reactivasen os prezos, que medrase a produción en países como Vietnam, e que no propio Brasil trasladen e renoven moitos dos cafeais. No ano 2000 hai de novo unha oferta de café esaxerada, caen os prezos e, até hoxe, no 2004, vimos sufrindo a peor crise de ingresos dos países produtores da que se ten memoria.

Acontece, pois, que cando se pasa de recibir unha media de ingresos da orde de 10.000 a 12.000 millóns de dólares, a recibir 5.000 millóns no conxunto dos países produtores –e ocorre algo semellante con outros produtos básicos– aumenta a brecha entre países ricos e países pobres. E aí está o fracaso da globalización, e aí está a imposibilidade de que se cumpran unha serie de propósitos píos e extraordinarios para reducir a pobreza. As teses do Milenio quedaron inscritas en todos os discursos sobre esta materia, pero non se cumpren, nin se van cumprir, se seguimos na orde en que nos atopamos. Hai estudos e análises que demostran como a baixa dos prezos dos 10 produtos fundamentais dos que viven o 80% dos países en desenvolvemento oscilou, nos últimos seis ou sete anos, entre o 50 e o 86 % , e o café foi o máis afectado deses produtos. Un estudo moi interesante de Peter Robbins⁽¹⁾ indica o que perderon os produtores e di que, se os prezos deses 10 produtos aumentasen en consonancia coa inflación, o que recibirían aqueles no ano 2002 sería equivalente a case cinco veces o orzamento anual de axuda do mundo enteiro.

Cómpre un esforzo enorme para que se poidan cumprir todos eses bos propósitos. Vaise producindo xa a todos os niveis un recoñecemento deste problema, e o

ROBBINS, Peter: *Stolen Fruit: The Tropical Commodities Disaster*, Zed Books, London and New York, p 10.

tema dos produtos básicos está volvendo á axenda dos organismos internacionais. É un problema do que eu me decatei non precisamente ao chegar aquí, senón xa nos seis anos anteriores en que fun embaixador do meu país, Colombia, ante a Organización Mundial do Comercio, onde tiven a oportunidade de presidir o Comité de Agricultura e caer na conta de que o tema dos produtos básicos dos países en desenvolvemento non recibía nin a menor atención. Por iso un dos meus propósitos ao chegar aquí foi o de crear a conciencia de que existe ese problema, de que hai unha crise e de que é necesario e urxente retomar esa materia. Non fun eu o único, porque esta foi preocupación de moitas persoas e o tema regresou á axenda internacional e estase a tratar a todos os niveis.

Hai meses que a OIC vén avisando á comunidade internacional das consecuencias desta situación. O problema analizouse en maio de 2003 nunha Conferencia organizada conxuntamente pola OIC e o Banco Mundial. Expúxeno tamén no Cumio Mundial sobre Desenvolvemento Sostíbel que se celebrou en Johannesburgo en 2002, en conversas cos gobernos dos países desenvolvidos e en organismos internacionais como a OMC. E presentarei unha comunicación a este respecto á UNCTAD XI en San Paulo neste mes de xuño.

O ano pasado, na Asemblea Xeral das Nacións Unidas, a vicesecretaria xeral afirmou que o descenso dos prezos de produtos básicos como o café (que obteñen agora uns prezos equivalentes á terceira parte, aproximadamente, da contía que obtiñan no decenio de 1990) contribúe a unha maior pobreza e fai máis difícil acadar os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio. Engadiu a vicesecretaria xeral que ese descenso pon en perigo tamén a iniciativa para a redución da débeda dos países pobres moi endebedados.

Fálase moito de sostenibilidade. O Convenio Internacional do Café de 2001 encoméndalle á Organización, entre outros, o obxectivo de alentar aos membros a que practiquen unha economía cafeteira sostíbel. A OIC está coordinando actividades nese sentido, e promoverá ese obxectivo no cadro do Grupo de Tarefa da UNCTAD sobre os produtos básicos.

Se nada facemos, se non comprometemos unha serie de proxectos concretos, non haberá maneira de facer que volva ao bo camiño todo este proxecto de desenvolvemento.

❑ Ollando o futuro e desde o punto de vista da OIC, cales poderían ser as liñas xerais das medidas encamiñadas a restabelecer o equilibrio entre a oferta e a demanda de produtos básicos?

❑ As medidas coas que habería que enfrontarse directamente ao problema do desequilibrio son limitadas. No tocante á oferta, compriría utilizar a experiencia da crise do café para crear conciencia do perigo de emprender proxectos ou programas

(1) Outra cifra de referencia para valorar os cálculos previos sobre subsidios agrícolas, axuda ó desenvolvemento e os obxectivos do Milenio. A Conferencia de Doantes en Madrid, a finais de outubro de 2003, conseguiu 33 mil millóns de dólares para a reconstrución de Iraq.

que aumenten aínda máis a oferta. Tamén habería que tentar incrementar as utilidades resultantes da exportación de produtos con valor engadido en vez de produtos a granel que se exportan tradicionalmente.

Agora, como estou sinalando na miña comunicación á UNCTAD XI, tamén é moi importante que se recoñeza a necesidade de que haxa desenvolvemento do mercado, é dicir, promoción do consumo. Unha das razóns que se invoca moito para non financiar internacionalmente o desenvolvemento do mercado é a de que val máis deixarlle esa tarefa ao sector privado. Sen dúbida que ao sector privado comprelle unha función moi importante neste terreo. Con todo, a experiencia indícanos que, cando se trata da promoción do consumo nos propios países produtores ou en mercados emerxentes, o máis eficaz é unha asociación folgada entre o sector privado e o público. Por exemplo, a OIC conseguiu actuar como catalizadora da cooperación do sector privado nos acontecementos cafeeiros que organizou en China e en Rusia no decenio de 1990 e que contribuíron moito ao aumento do consumo neses novos mercados.

Estes exemplos serven para destacar a función das organizacións internacionais de produtos básicos, como a OIC, visto que estas ofrecen un fórum singular no que están representados, nunha base de equidade, tanto o sector produtor como o consumidor. É unha abordaxe verdadeiramente innovadora e eficaz dos problemas do comercio de produtos básicos, pero esixe mudanzas na maneira de pensar convencional.

Néstor Osorio Londoño é director executivo da Organización Internacional do Café.

(Entrevista realizada por *Fernando Pérez-Barreiro Nolla*. Londres, maio de 2004).